

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES. PAI 2016

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día 13 de decembro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Secretaria: Dona Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 17 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 2 de decembro de 2016 a empresa clasificada en primeiro lugar, COPCISA SA), presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 12105) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (pago de anuncios, solvencia económica e técnica, clasificación, estar ó día nas súas obrigas tributarias e Seguridade Social etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Sen embargo, a mesa de contratación á hora de analizar o depósito da garantía definitiva, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE, dúbida sobre a orixinalidade do certificado de seguro de caución nº. 201606017 presentado como garantía definitiva.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Primeiro.- Requirirle á empresa COPCISA SA a presentación do certificado orixinal de seguro de caución nº. 201606017 para poder seguir co proceso de adxudicación da obra de reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames.

Segundo.- Que a mesa de contratación se reunirá novamente, unha vez presentada pola empresa a documentación requirida.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e corenta e tres minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.

